

ORDENANZA FISCAL NÚM. 33

TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DAS INSTALACIÓNS E ESCOLAS DEPORTIVAS, CAMPAMENTOS DE VERÁN E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS.

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos **artigos 133.2 e 141 da Constitución** e polo **artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local**, e de segundo o que se dispón nos **artigos 15 a 19 do R.D. legislativo 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o **texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, este Concello establece a taxa por prestación do servizo público municipal das instalacións escolas deportivas, campamentos de verán e outros servizos análogos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao que se dispón no **artigo 57 do R.D. legislativo**.

ARTIGO 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da presente taxa a utilización das instalacións deportivas e prestación dos servizos que de seguido se detallan:

- a. Pavillóns polideportivos municipais.
- b. Estadio municipal "A Madalena".
- c. Campo de fútbol de adestramento de herba.
- d. Campo de fútbol de adestramento de area.
- e. Parque acuático.
- f. Escolas deportivas municipais.
- g. Campamentos de verán.
- h. Ximnasio municipal.
- i. Liga local de fútbol-sala.
- j. Pistas de atletismo da Madalena.
- k. *Exención de taxas.*

ARTIGO 3. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o **artigo 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria** e **23 do R.D. legislativo 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o **texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, usuarias dos servizos descritos no artigo anterior.

ARTIGO 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o **artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria**.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria**.

ARTIGO 5. Cota Tributaria.

Establécense as seguintes tarifas:

A) PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS.

- **Pavillón municipal (Campo da feira)**

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 20 €.
- Bono de 25 horas: 400 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 40 €.
- Bono de 25 horas: 800 €.

- **Pavillón do CEIP Mato Vizoso:**

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 10 €.
- Bono de 25 horas: 200 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 20 €.
- Bono de 25 horas: 400 €.

- **Pavillón do CEIP Insúa Bermúdez:**

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 10 €.
- Bono de 25 horas: 200 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 20 €.
- Bono de 25 horas: 400 €.

B) ESTADIO MUNICIPAL “ A MADALENA”

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 50 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 100 €.

C) CAMPO DE FÚTBOL DE ADESTRAMENTO DE HERBA.

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 20 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 40 €.

D) CAMPO DE FÚTBOL DE ADESTRAMENTO DE HERBA ARTIFICIAL.

Veciños, asociacións ou clubs do termo municipal:

- 1 hora: 30 €.

Persoas, asociacións ou clubs de fóra do termo municipal:

- 1 hora: 60 €.

E) PARQUE ACUÁTICO.

- 1 baño: 3 €.
- 2 baños: 5 €
- Bono de 5 baños: 12 €.

F) ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Veciños do termo municipal: 90 €/ano
(actividades a desenvolver no medio urbano)

Veciños do termo municipal: 45 €/ano
(actividades a desenvolver no medio rural)

Persoas de fóra do termo municipal: 180 €/ano.

- Cando no medio rural unicamente se imparta 1 día de clases, os usuarios estarán exentos da taxa.

- Cando por causa xustificada un/unha alumno/a se incorpore ás escolas deportivas unha vez que finalice o prazo de inscrición, a taxa que deberá abonar será a que se inclúe a continuación:

- Se a incorporación se produce entre o inicio das actividades e o 31 de decembro: 100% da taxa correspondente.

- Se a incorporación se produce entre o inicio das actividades e o 31 de decembro:; 100% da taxa correspondente.

G) CAMPAMENTOS DE VERÁN.

Veciños do termo municipal: 50 €/quenda 2012*

Persoas de fóra do termo municipal: 100 €/quenda*

* Esta será a taxa vixente para o ano 2012 na que se producirá un incremento progresivo como se describe a continuación, sendo polo tanto a taxa reflexada no ano 2014 a que regulará os vindeiros anos ata que, se é o caso, se produza unha nova modificación.

Veciños do termo municipal: 70 €/ano 2013*

Persoas de fóra do termo municipal: 140 €/ano 2013*

Veciños do termo municipal: 90 €/ano 2014*

Persoas de fóra do termo municipal: 180 €/ano 2014*

H) XIMNASIO MUNICIPAL.

Bono de 25 sesións para veciños do termo municipal: 40 €.

Bono de 25 sesións para persoas de fóra do termo municipal: 80 €.

* Os bonos terán unha validez para o seu uso de 6 meses, a partir da súa recepción.

I) LIGA LOCAL DE FÚTBOL SALA.

As tarifas para poder xogar nesta competición variarán segundo o número de xogadores de cada equipo como mostra a seguinte táboa:

XOGADORES	PREZO(en €)
8	270
9	285
10	300
11	315
12	330
13	345
14	360
15	375

J) PISTAS DE ATLETISMO DA MADALENA:

- Veciños do termo municipal: 5 €/hora.

- Persoas de fóra do termo municipal: 10 €/hora.

K) EXENCIÓN DE TAXAS: Poderán eximirse do pago das taxas aqueles casos nos que se dean circunstancias familiares, sociais ou socioeconómicas desfavorables, e sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local, despois do informe motivado.

ARTIGO 6. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan, estarase ao que se dispón nos **artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.**

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno na súa sesión celebrada o día 25/05/2017, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, e será de aplicación a partir dese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.